



PEGAR
ETIQUETA

Nivel 2

Competencia lingua galega

<i>Sinatura</i> <i>Firma</i>	
---------------------------------	--

Obxectivo	Avaliar as capacidades vinculadas á competencia en lingua galega.
Duración	1 hora
Estrutura da proba	A proba está integrada por 15 preguntas. 10 están relacionadas con dous textos e con elas preténdese avaliar a capacidade para comprendelos e sintetizar o seu contido. As outras 5 preguntas tratan diferentes aspectos lingüísticos.
Materiais que pode utilizar	Bolígrafo con tinta negra ou azul.
Criterios de cualificación da proba	Cada cuestión correctamente contestada ten unha puntuación de 1 punto, agás a cuestión de resposta aberta, que vale 6 puntos.

Texto 1

OPINAR DE CIENCIA SEN TER MOITA IDEA: O EFECTO DUNNING-KRUGER

Ese cuñado que discute os resultados publicados pola revista *Science*. O faladoiro de televisión onde o experto en famosos agora explica a acción da proteína ACE2 na entrada do SARS-CoV-2 nas células. Os comentarios en redes sociais «desmontando» a OMS, a revista *Nature* e o Imperial College... Todos temos escoitado persoas que, descoñecendo un tema, falan como grandes expertos.

Basicamente, é o mesmo efecto polo que podes pensar que conduces mellor ca a media ou que os teus chíos en Twitter son máis pándegos. Pero isto é un nesgo cognitivo que leva o nome dos dous psicólogos da Universidade de Cornell que o demostraron en 1999: Justin Kruger e David Dunning. E todo se resume en que tendemos a sobrevalorar as nosas capacidades intelectuais e sociais. Ata o punto de que os máis ignorantes son os que máis opinan sobre temas que descoñecen absolutamente.

No seu estudo, os investigadores interrogaron as persoas sobre varios temas. Despois de cada proba, preguntaron aos participantes como pensaban que o fixeran. Sobre todo, en comparación cos outros concursantes. Unha e outra vez, sen importar o tema, as persoas que obtiveron malos resultados nas probas sempre clasificaron a súa competencia como moito máis alta que o resto.

Sobre o seu nesgo, o propio Dunning explicou que os que están menos cualificados nun campo nin sequera teñen a experiencia necesaria para saber que o están a facer mal.

En resumo, a mente ignorante non está baleira, senón que está chea de ideas preconcebidas, experiencias, feitos e intuicións, ademais de conceptos que importamos doutros campos de coñecemento. Con todo iso construímos historias e teorías que nos dan a impresión de ser un coñecemento fiable.

(Adaptado de <https://www.gciencia.com/tolociencia/crer-saber-mais-que-os-cientificos-ten-nome-efecto-dunning-kruger/> [31/01/2021])

1. Cal é a idea principal que se defende no texto 1?

- A. A maioría das persoas pensa que conduce mellor ca os demais.
- B. Nas redes sociais abundan os comentarios de persoas pouco informadas.
- C. Os seres humanos tenden a sobrevalorar as súas capacidades intelectuais.

2. Segundo o texto 1, o estudo de Kruger e Dunning pon de manifesto que...

- A. as persoas incompetentes pensan que saben máis do que realmente saben.
- B. as persoas formadas dominan varios campos de coñecemento.
- C. a maioría das persoas tende a infravalorar as súas capacidades.

3. O nesgo cognitivo citado no texto 1 é unha visión tendenciosa ou errónea que leva as persoas ignorantes a creerse moi cualificadas. Segundo Dunning, a que se debe ese nesgo?

- A. A que as persoas pouco formadas adoitan ser moi fachendosas e lles encanta presumir.
- B. A que a mente ignorante está moi influída polas redes sociais.
- C. A que as persoas ignorantes nin sequera teñen os coñecementos necesarios para saber que o están a facer mal.

4. Por que aparece entre comiñas o termo *desmontando* no primeiro parágrafo do texto?

- A. Para poñer énfase nese concepto.
- B. Para dar a entender que se está usando nun sentido irónico.
- C. Porque reproduce literalmente as palabras de alguén.

5. «Todos temos escoitado persoas que, descoñecendo un tema, falan como grandes expertos». Redacte un breve texto no que expoña a súa opinión razoada sobre esta afirmación. (Extensión aproximada: 100 palabras)

Texto 2

PESCADERÍAS. PREGUNTAS FRECUENTES

Que produtos están amparados polo selo?

pescadeRías é un selo de diferenciación e identificación dos produtos procedentes da pesca artesanal, desembarcados diariamente nos portos da Comunidade Autónoma de Galicia, capturados como máximo 24 horas antes da súa primeira venda.

As artes e modalidades de pesca empregadas son artesanais, selectivas e máis respectuosas co medio mariño. Non son certificables os produtos capturados con arte de arrastre.

Poden aparecer no mercado frescos, conxelados, transformados (conservas) e/ou elaborados (precociñados).

A presenza do logotipo da marca no etiquetado destes produtos garante a súa orixe, frescura, trazabilidade e diferenciación no mercado.

Podo atopar produtos de acuicultura baixo o selo pescadeRías?

Non. Tampouco o mexillón pode ser certificado, xa que se considera un produto da acuicultura. O mexillón ten o seu propio selo de calidade: DOP Mexillón de Galicia.

Como identifico un produto pescadeRías?

Nos produtos frescos, o logotipo da marca está incluído na etiqueta que os acompaña obrigatoriamente.

Os produtos transformados (conservas), conxelados ou elaborados (precociñados) inclúen o logotipo da marca nos seus envases.

Os moluscos bivalvos depurados deben estar acompañados da etiqueta que garante a súa aptitude para o consumo e figurará o logo da marca pescadeRías que garante calidade e orixe.

(Adaptado de <https://deondesenon.xunta.gal/gl/que-e-pescaderias> [31/01/2021])

6. Que tipo de produtos se inclúen no selo pescadeRías?

- A. Produtos da pesca e acuicultura galegas obtidos con métodos respectuosos co medio mariño.
- B. Produtos que proveñen da pesca artesanal e que diariamente se desembarcan nos portos galegos.
- C. Produtos da acuicultura galega con certificado de calidade e orixe.

7. Como se garante que un produto está amparado polo selo pescadeRías?

- A. Pola presenza do logotipo da marca na etiqueta do produto.
- B. Porque é un produto que provén da pesca selectiva.
- C. Porque é un produto capturado como máximo 24 horas antes da súa venda.

8. Poden figurar os bivalvos baixo a etiqueta pescadeRías?

- A. Non, quedan excluídos por ser produtos de acuicultura.
- B. Si, agás o mexillón, que ten o seu propio selo.
- C. Si, pero só como produto conxelado.

9. Hai algunha modalidade de pesca que estea excluída do selo pescadeRías?

- A. Si, non se admiten capturas destinadas á elaboración de precociñados.
- B. Si, non se admiten produtos capturados con artes selectivas.
- C. Si, as capturas obtidas polos arrastreiros quedan excluídas.

10. No texto figura o termo *acuicultura*. Que actividade se designa con esa palabra?

- A. A cría de peixes de auga doce.
- B. O cultivo de plantas e animais acuáticos.
- C. O cultivo e procesamento de crustáceos de río.

11. No enunciado «Abofé que son moito máis lista ca os demais», que significa *abofé*?

- A. Sen dúbida.
- B. Probablemente.
- C. Dabondo.

12. Que palabra completa a secuencia «Vós sempre ... uns fachendosos»?

- A. fúchedes
- B. fôchedes
- C. fostes

13. Indique cal é a serie ortograficamente correcta.

- A. Voda, marabilla, verza.
- B. Boda, maravilla, berza.
- C. Voda, marabilla, berza.

14. «Estudou psicoloxía con David Dunning e fala del acotío». Neste enunciado, por que palabra ou grupo de palabras podemos substituír *acotío* sen que varíe o significado?

- A. A diario.
- B. Dabondo.
- C. De cando en vez.

15. Cal é o plural de *mexillón*.

- A. Mexillois.
- B. Mexillós.
- C. Mexillóns.

